



C O N C E L L O
D E
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

IV EDICIÓN PREMIO DE XORNALISMO MANUEL LUEIRO REY

O Concello de Fornelos de Montes, para honrar a memoria do seu ilustre escritor e contribuír á promoción xornalística en galego, convoca a IV edición do PREMIO DE XORNALISMO MANUEL LUEIRO REY, cos seguintes obxectivos:

1.- Poderán concorrer a este certame todas as persoas maiores de idade que o desexen e cada participante deberá facelo cun único artigo.

2.- Os artigos serán inéditos, deberán estar escritos en galego e estaren redactados nun estilo xornalístico de carácter divulgativo e/ou de opinión no ámbito da denuncia social.

Os artigos presentados deberán ter entre 2.500 e 3.500 caracteres con espazos incluídos (entre 450 e 600 palabras, aproximadamente).

3.- Nas obras concursantes deberán aparecer escrito con claridade o título e un lema, que tamén figurarán no exterior dun sobre que conteña a fotocopia do DNI do autor ou autora, o seu teléfono, correo electrónico e enderezo postal, así como un pequeno currículo literario, no caso de que teña obra publicada.

4.- As persoas participantes deberán enviar catro exemplares do artigo, mecanografiados, sen remite identificador ao seguinte enderezo:

IV PREMIO DE XORNALISMO MANUEL LUEIRO REY

Concello de Fornelos de Montes

Praza da Igrexa, 1

36847 – Fornelos de Montes (Pontevedra)

5.- O prazo de presentación rematará o día 31 de decembro de 2020.

6.- A dotación do premio único e indivisible que será de 1.000 euros, estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión. Se o xurado o considera oportuno, o premio poderá ser declarado deserto. Así mesmo, o xurado poderá designar un ou máis accésits ao premio que en ningún caso comportarán dotación económica.





C O N C E L L O
D E
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

7.- O xurado estará composto por tres persoas de recoñecida capacidade no ámbito ao que se refire a convocatoria e por un secretario ou secretaria, con voz e sen voto, en representación do Concello de Fornelos de Montes.

8.- Para a selección do traballo premiado, o xurado terá en conta:

- A orixinalidade dos artigos
- A adecuación ao tema e xénero solicitados.
- A claridade expositiva e a calidade lingüística.

9.- O veredicto será dado a coñecer en febrero de 2021 directamente ao gañador ou gañadora e a través dos medios que poderán publicar o texto a partir desa data. A entrega do premio terá lugar, nun acto público no Centro Multiusos do Concello de Fornelos de Montes ao longo do ano 2021, no momento en que a evolución epidemiolóxica o permita. As obras non premiadas poderán ser retiradas polas autoras ou autores nas dependencias do Concello de Fornelos de Montes no prazo dun mes a contar a partir da data do veredicto do xurado.

10.- O artigo premiado quedará en propiedade do Concello de Fornelos de Montes, a quen se lle permite o seu uso e difusión por todos os medios, sen xerar iso ningún tipo de custo económico por dereitos de autoría nin outros conceptos.

Para a súa publicación os artigos poderán ser revisados lingüisticamente.

A participación supón a total e plena aceptación destas bases, sobre as que diante de calquera dúbida prevalecerá a opinión do xurado.

Fornelos de Montes, 16 de novembro de 2020.

O alcalde

Emiliano Lage Rodríguez

